

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E
A FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES
DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.**

REUNIDAS

Dunha parte, a Consellería do Medio Rural, representada neste acto polo director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez Vázquez, nomeado mediante o Decreto 196/2020, do 26 de novembro, en virtude das facultades que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 223 do 23.11.2015).

E doutra, a Federación Galega de Caza representada neste acto polo presidente, Luis Eusebio Fidalgo Álvarez, proclamado pola Xunta Electoral con data 1-12-2022 en virtude do establecido no art. 39.10 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, de cuxo cargo toma posesión o 30-12-2022.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura deste acordo e, para estes efectos,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO. A Consellería do Medio Rural (en adiante, CMR) é o departamento da Administración galega ao cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación

comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte (en adiante, DXDM) é o órgano de dirección ao que lle corresponde o exercicio das competencias vinculadas ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, tal e como dispón o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 9, do 13/01/2023).

SEGUNDO. A Federación Galega de Caza é unha entidade deportiva, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, constituída ao abeiro da lexislación deportiva, actualmente regulada pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo cos seus estatutos, aprobados pola asemblea xeral de data 25-6-2021 e ratificados por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte do 30-9-2021, agrupa, entre outros colectivos, ás sociedades ou asociacións de cazadores dedicadas á práctica do deporte da caza ou de actividades que con ela se relacionen, exercendo, ademais das súas propias competencias, funcións públicas delegadas de carácter administrativo, de conformidade co previsto no artigo 51.4 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia.

Entre as súas competencias propias, a Federación Galega de Caza poderá asesorar a toda clase de entidades públicas ou privadas, desenvolver iniciativas dirixidas á defensa do medio natural, realizar actividades encamiñadas á salvagarda e mellora do medio ambiente e prestar a súa colaboración a cantos fins considere convenientes por afinidade do seu cometido.

TERCEIRO. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da



potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Promover a colaboración para o desenvolvemento de accións de natureza preventiva con todas aquelas entidades tradicionalmente vencelladas ao medio rural, como son asociacións de caza e outros colectivos, son fundamentais na procura deste obxectivo.

Neste contexto, a prevención do risco de lumes require dunha toma de conciencia, actuación e cambios, nos que é necesaria a colaboración das diferentes entidades que interactúan no monte, e neste marco lévase a efecto este acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, e a Federación Galega de Caza, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto



O obxecto do presente acordo é a colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Federación Galega de Caza para a realización de actividades de prevención dos incendios forestais nos terreos cinexéticos (TECORES) xestionados por sociedades de caza federadas, mediante a organización de campañas de sensibilización e concienciación do risco de lumes, e accións preventivas de mellora e recuperación do hábitat dos terreos cinexéticos coa finalidade de minorar o número de incendios.

SEGUNDA. Compromisos da Federación Galega de Caza

A Federación Galega de Caza comprométese a:

1. Realización de campañas de sensibilización e concienciación medioambiental, para previr o risco de lumes e manter a biodiversidade, dirixidas ás entidades federadas e a colectivos con

distintos usos ou aproveitamentos sobre espazos forestais de acordo coas directrices da DXDM.

2. Difusión das campañas de sensibilización obxecto deste acordo a través das canles de comunicación da FGC (páxina web, revista, redes sociais).
3. Promover o contacto entre a DXDM e as sociedades de caza federadas interesadas en participar nas accións preventivas de mellora e recuperación do hábitat no seu territorio cinexético co obxectivo de contribuír na prevención de incendios forestais en Galicia.
4. Promover que as sociedades de caza dispoñan de plan de medidas preventivas contra o lume. As sociedades serán responsables da elaboración do plan de prevención anual do seu respectivo TECOR, establecendo as zonas vulnerables, accións prioritarias e prazos de realización que, en todo caso, dependerán do plan de medidas preventivas e do período de execución establecido por cada Distrito Forestal, en función dos medios mecánicos dos que dispoña ou da idoneidade das queimas preventivas controladas.

As sociedades de caza enviarán o plan de prevención ao seu respectivo Distrito Forestal, consensuando previamente as zonas de actuación co colectivo gandeiro e/ou outros colectivos que compartan o monte, remitindo copia á Federación Galega de Caza para o seu seguimento, a fin de establecer mecanismo de corrección no caso de non realizarse as actuacións solicitadas dentro da anualidade ou prazo previsto.

TERCEIRA. Compromisos da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección xeral de Defensa do Monte, comprométese a:

1. Colaborar coa Federación Galega de Caza, respecto da planificación e elaboración dos plans de actuación de medidas preventivas contra o

lume nos diferentes TECORES, na elaboración dun cronograma temporal informativo, territorializado a nivel de Distrito Forestal.

2. Incluir, de ser o caso, no Plan de Prevención da DXDM actuacións preventivas contra os incendios forestais en terreos agroforestais vinculados ás sociedades de caza federadas (TECORES).

Ditas medidas preventivas poderán incluír a realización dos seguintes traballos:

- a) Acondicionamento dos terreos cinexéticos (TECORES) das sociedades de caza federadas e a súa contorna (desbroces, limpeza do monte e dos seus accesos).
 - b) Acondicionamento e limpeza de camiños e pistas forestais, de gran utilidade no caso de emerxencias.
 - c) Acondicionamento de puntos de auga.
 - d) Queimas preventivas controladas
3. Promoción e actualización, en colaboración coa Federación Galega de Caza, das accións incluídas nos plans de accións preventivas dos TECORES, atendendo ás necesidades de cada territorio.



CUARTA. Financiamento

Este acordo de colaboración non disporá de achega financeira entre as partes.



QUINTA. Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento, constituída por dous representantes designados por ambas partes, para atender o adecuado desenvolvemento deste acordo. A comisión establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

SEXTA. Modificación e extinción

As partes poderán modificar de mutuo acordo e en calquera momento este acordo, formalizando a súa modificación a través dunha addenda.

Este acordo extinguirase por mutuo acordo das partes ou polo incumprimento das obrigas adquiridas por calquera delas, así como polas demais causas de extinción previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector público.

SÉTIMA. Publicidade do acordo

Este acordo será obxecto de publicación e inscrición, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. As partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ao acordo asinado no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste acordo, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

OITAVA. Relación laboral

A Consellería do Medio Rural non terá vinculación laboral nin doutro tipo co persoal que preste os seus servizos para a Federación Galega de Caza no cumprimento e desenvolvemento deste acordo.

NOVENA. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste acordo serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do acordo e as referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de xeito presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste acordo respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

DÉCIMA. Réxime xurídico

Este acordo ten natureza administrativa e rexerase polo establecido no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

UNDÉCIMA. Vixencia

Este acordo entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que antes da súa finalización as partes acorden unha addenda na que se fixará a súa prórroga.

En proba de conformidade co exposto, as partes asinan este acordo electronicamente

O Director Xeral de Defensa do
Monte

Manuel Rodríguez Vázquez

O presidente da Federación Galega
de Caza

Luis Eusebio Fidalgo Álvarez

En Santiago de Compostela 23/11/2023